- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
10	My kind of day	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	1.1 Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	60
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	1.4 Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiáns para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	1.2 Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	TI	40
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	1.3 Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	1.5 Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	1.6 Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	1.7 Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	1.8 Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	1.9 Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	2.1 Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	2.2 Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	2.3 Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	3.1 Actuar de forma empática en situacións interculturais.		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	3.2 Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	3.3 Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiáns sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.

Contidos

- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Todo proceso de ensinanza-aprendizaxe debe partir dunha planificación do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.

O primeiro elemento no proceso de aprendizaxe é a motivación porque o que se busca é a participación activa do alumnado. Hai que espertar a curiosidade para conseguir a súa participación activa e se se pode o entusiasmo no proceso de aprendizaxe.

O principal obxectivo será que o alumnado adquira o idioma, máis que aprenda cousas sobre el. Debemos crear a necesidade de usar o idioma para que encontren a actividade que se plántexa significativa, cun sentido real. Deberá haber tamén un balance entre as catro destrezas básicas.

As unidades xirarán entornando a un tema e na primeira fase o docente será o encargado de poñer o idioma en

circulación, de provocar os retos. Prestarase especial atención ao vocabulario específico.

Así que a primeira fase será a presentación do vocabulario, que se fará a través de diferentes formas: vídeos, textos, cuestionarios, xogos de preguntas e respostas fotos, matching, etc.

A continuación, virán as actividades semi-controladas como skimming ou scanning dun texto oral ou escrito, o usar de unha u outra maneira o vocabulario aprendido na presentación. Nesta fase poderán facer actividades de busca na rede, o compartir información etc. Traballarán a miúdo en parella o en grupo se, a pandemia o permite, e así os alumnos mais hábiles axudarán aos menos hábiles. Nesta fase os erros non serán tan importantes, non obstante o docente pode tomar nota e despois coméntalo.

Finalmente virán as actividades de libre creación. Onde usarán todo aprendido e investigado.

Cada lección terá un tema central e un produto final ou varios subprodutos. Todas as actividades xirarán entorno a ese tema e aínda que o adquirir idioma será un dos nosos motores, será tan importantes as ideas que xurdan e que se susciten ao longo da lección. A aprendizaxe estará moi centrada no alumnado. O docente será o encargado de poñer o idioma en circulación, pero o importante é que as tarefas sexan, por así dicilo, real e que teñan un obxectivo moi claro para o alumnado.

Este enfoque nos permitirá centrarnos na comunicación e en aprender o idioma en contexto, cun obxectivo real. O alumnado terá a miúdo liberdade para decidir o camiño que quere seguir e esperamos que isto os motive e cambie algo a maneira na que adquiran o idioma. Tamén esperamos que esta maneira de traballar provoque algún tipo de autonomía como resultado.

Utilizaremos materiais audiovisuais como vídeos, películas, podcasts, websites, emails, obras literarias, fotos, xogos, handouts de diversos tipos.

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. Polo tanto, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Para isto farase unha avaliación inicial que nos aporte a información necesaria sobre este punto.
- Ter en conta os seus intereses, distintos en cada idade, así coma a súa bagaxe e esquemas de coñecemento previos.
- Tratar de fomentar a autonomía na súa aprendizaxe, dotándoo de ferramentas e sistemas de traballo que o axuden e intentando desenvolver o seu razoamento lingüístico.
- Tratar de utilizar o xogo como medio de ensinanza e aprendizaxe motivador.
- Intentar crear un clima relaxado, afectivo e de seguridade nas clases que lle permita intervir como o faría nunha situación normal de comunicación, sen medo ao erro.
- Utilizar o erro coma fonte de reflexión e aprendizaxe e non coma elemento negativo e inhibitorio
- Promover a interacción entre iguais na lingua estranxeira de xeito que nos momentos que non son de explicación teórica o profesor perde protagonismo, centrándose en favorecer e moderar a comunicación e a realización de actividades na lingua estranxeira, así como en proporcionar en todo momento as ferramentas, léxico, etc. necesarios para garantir a comunicación.
- Respectar o ritmo de aprendizaxe, desenvolvemento e maduración de cada alumno/a.
- O método utilizado tentará ser, esencialmente, comunicativo e inmersivo. O/A alumno/a tratará dende un primeiro momento de comunicarse na lingua estranxeira, rentabilizando o máximo posible os seus coñecementos e desenvolvendo a súa capacidade comunicativa sen sentirse oprimido pola imposición dunha perfección formal.
- Fomentar a aprendizaxe e a consecución de obxectivos, non só individual, senón tamén en parellas ou en grupo.
- Intentar, na medida do posible, emular as situacións de comunicación reais e de aprendizaxe da lingua en contexto.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto On Track da Editorial Oxford. Utilizaremos ademáis cuestionarios, websites, xogos e handouts de tematica variada e materias audiovisuais como vídeos

O libro de texto inclúe o traballo das catro destrezas básicas. As leccións comezan cun vídeo a modo de warm -up e xiran en torno a un tema de interés propio da idade do alumnado de 1º ESO. Trabállase vocabulario específico e gramática de forma secuenciada. Propóñense moitas tarefas onde o alumnado ten que utilizar o idioma para relatar información persoal ou traballar en parellas ou grupo para obter información dos seus compañeiros/as de clase. Isto propiciara que o alumnado teña unha razón para usar o idioma de forma significativa.

Sempre se va dende a presentación do vocabulario, gramática e tema , despois actividades guiadas e finalmente actividades de elaboración libre onde se poñe o aprendido en práctica.

A cada lección se le añadirá un project que el alumnado tendrá que elaborar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a avaliación inicial utilizaremos un exercicio que conleva completar un cuestionario cos seus datos personais despois, entrevistar aos novos compañeiros e reportar á clase. Nesta actividade terán que usar o verbo to be o presente simple e o pasado ademais de os adxetivos posesivos, os pronomes obxecto e facer interrogativas e negativas con fluidez. Terán que falar, tomar notas e redactar, co cal exercitarán as catro destrezas básicas. Isto servirá de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	65	60	65	60	65	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	35	40	35	40	35	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	62
Táboa de indicadores	38

Criterios de cualificación:

5.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva:

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 + CA 1.2): 15%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar,

preguntas de relacionar e/ou preguntas de resposta libre.

2. **COMPRESIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 20%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e/ou preguntas de resposta libre.

3. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. **PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. **INTERACCIÓN E MEDIACIÓN (CA1.6 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9): 6%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

7. **COÑECEMENTO DA LINGUA, PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA1.5 + CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 35%**

Instrumentos de avaliación: Preguntas variadas (de opción múltiple, de completar, de ordenar, de relacionar...) para avaliar o léxico, a morfosintaxe, os patróns sonoros etc.

8. **INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 4%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Avaliarase tamén o traballo diario, a atención, a participación e a organización (caderno e entrega en prazo das tarefas). O resultado desta avaliación usarase para o redondeo de notas. Isto permitirá, por exemplo, que un/unha alumno/a que obteña un 4,5 de media poida acadar o aprobado cunha nota de 5 ao sumarlle as décimas que se amosan a continuación: traballo diario seguindo as instrucións dadas en clase (0,1) + participación (0,1) + atención (0,1) + entrega das tarefas en prazo na clase, na aula virtual... (0,1) + caderno ben organizado, traballado e corrixido (0,1).

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN: Dado o carácter continuado e progresivo da materia, de ser necesaria unha recuperación da mesma ou de parte dela, esta farase en xuño. Non obstante, unha vez realizados os reforzos necesarios, poderá haber probas de recuperación despois de cada avaliación para permitirlle ao alumnado ir recuperando aqueles contidos da materia que teña máis frouxos e ir reducindo a materia da que deba examinarse na proba final de xuño, ou incluso evitar chegar a xuño con avaliacións pendentes.

O alumnado que, aínda tendo algunha avaliación suspensa, acade o aprobado na materia mediante cálculo da media ponderada dos tres trimestres non precisará presentarse ás probas da avaliación final ordinaria; quedará automaticamente aprobado.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non supere a materia presentarse á proba da avaliación final ordinaria para recuperar toda a materia ou parte dela.

A proba de avaliación final ordinaria consistirá nun exame escrito con preguntas para avaliar o coñecemento da lingua (léxico e morfosintaxe), a comprensión escrita e a produción escrita, cunha pequena redacción axeitada ao seu nivel. O resultado final será exclusivamente a nota obtida nesta proba escrita.

A valoración de cada apartado farase da seguinte maneira:

COÑECEMENTO DA LINGUA E PLURILINGÜISMO (CA1.5 + CA2.1 + CA2.2): 80%

Instrumentos de avaliación: Preguntas variadas (de opción múltiple, de completar, de ordenar, de relacionar...) para avaliar o léxico e as estruturas morfosintácticas.

COMPRESIÓN ORAL (CA1.1 + CA 1.2): 10%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Tamén poderán presentarse á proba da avaliación final ordinaria, todos/as aqueles/as que estean interesados en subir a nota media final, examinándose da materia de todo o curso.

Criterios de recuperación:

Para avaliar a recuperación de probas suspensas, realizaranse exames de recuperación onde se aplicaran os mesmos criterios que nas probas ordinarias.

É preciso fecer unha addenda ao devandito procedemneto debido á publicación dunha nova orde relativa á organización do final do curso. A orde do 27 de Decembro de 2022 de modificación de orde de 20 Maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023, que ven a clarificar a organización do final do curso 2022-2023.

A nova orde ratifica que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria ten dereito a tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final como xa estaba programado no presente documento. Hai que ter en conta como modificación que a sesión da terceira avaliación e a sesión de avaliación final realizaránse a partires do día 22 de Xuño. Seguirán previstas as actividades de recuperación para o alumnado que non superara a materia. Isto non suporá unha modificación da temporalización prevista ni a modificación da distribución das unidades didácticas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada profesor/a fará un seguimento do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior comprobando que poida seguir a clase e proporcionando apoio dentro da aula

As actividades serán variadas e adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe, que será gradual. Tamén se contempla a adaptación das probas e a súa extensión no tempo e o apoio da profesora de apoio do centro, se é preciso.

Finalmente, unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba ordinaria de xuño, realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 85%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento

Según nos indica a ley debemos adecuar as ensinanzas ás necesidades do noso alumnado en colaboración con departamento de orientación. Debemos detectar as necesidades especiais e responder a elas co obxectivo da intergración.

Por medio da avaliación inicial e a información proporcionada polo departamento de orientación e en colaboración coa tutoría se establecerán as medidas precisas en caso de ser necesarias dende unha adaptación curricular ata un apoio dentro da aula por parte da profesora ou da profesora da apoio do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Valoración da diversidade familiar e a igualdade entre homes e mulleres	X	X				X		
ET.2 - Hábitos saudables			X	X				
ET.3 - Convivencia vial					X		X	
ET.4 - Coidado do do medio ambiente				X				
ET.5 - Espírito emprendedor								
ET.6 - cultura cívica	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Valoración da diversidade familiar e a igualdade entre homes e mulleres		

	UD 9	UD 10
ET.2 - Hábitos saudables		
ET.3 - Convivencia vial		
ET.4 - Coidado do do medio ambiente		
ET.5 - Espírito emprendedor	X	X
ET.6 - cultura cívica	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración de bolas de Nadal para a biblioteca	Se elaborarán bolas de Nadal con información sobre mulleres relevantes no mundo Anglo-Saxón.	X		
Representación de sketches de temática variada.	Se elaborarán sketches cuxa temática e elaboración será tarefa do alumnado coa supervisión da profesora.			X

Observacións:

O Departamento de Inglés non ten prevista ningunha actividade extraescolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A distribución do currículo ó longo do curso cúmprese segundo o previsto.
Metodoloxía empregada
O alumnado acquire o idioma a través dunha metodoloxía variada e axeitada a súa idade e intereses.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilizamos todos os recursos o noso alcance como a pantalla dixital, internet e facemos uso do espazo da aula segundo convenga as actividades realizadas.
Medidas de atención á diversidade
Utilizamos material adaptado as necesidades do alumnado con necesidades especiais.

Clima de traballo na aula
Promóvese un bo ambiente na aula coa proposta de actividades en parella ou pequeno grupo que fomentan a relación cordial do alumnado e a súa cooperación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Poñemos en común co resto do profesorado e coas familias as nosas inquietudes pola marcha do alumnado e tratamos de buscar solucións aos problemas detectados.

Descrición:

O proceso de ensino aprendizaxe debe ser avaliado no seu conxunto porque todos os actores e actuacións do mesmo están interrelacionados, e por isto que o alumnado contesta unha enquisa en novembro e outra en maio para proporcionar o feedback necesario ao profesorado e, en caso de detectarse algún problema poder poñerlle solución.

1. O Profesor/a explica con claridade. (valorar de 1 a 10)
2. A metodoloxía para impartir a materia (explicacións, resolución de actividades etc.) paréceme axeita (valorar de 1 a 10)
3. Paréceme que as clases están preparadas. (valorar de 1 a 10)
4. Paréceme que o profesor/ a ten un bo trato co alumnado. (valorar de 1 a 10)
5. Existe un bo ambiente co resto dos compañeiros durante a clase. (valorar de 1 a 10)
6. Indica os puntos débiles da materia e fai propostas para a súa solución.(resposta aberta)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación pretende ser realista e perseguir os obxectivos propostos, sempre tratando de actuar en beneficio do alumnado, as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe; polo tanto, é susceptible de ter que sufrir modificacións ao longo do curso se as circunstancias o requiren como por exemplo a consecuencia dos resultados da avaliación inicial, da enquisa da labor docente, dos resultados das avaliacións ...

9. Outros apartados